

# **ORDENANZAS FISCAIS ANO 2009**

## **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI**

### **ART. 1º - FUNDAMENTO E NATUREZA**

De acordo co previsto na Lei Reguladora das Facendas Locais este Concello procede a regulación do prezo público por actividades culturais desenvolvidas polo Concello.

### **ART. 2º - CONCEPTO**

Os prezos públicos regulados nesta ordenanza constitúen prestacións patrimoniais de carácter público que se satisfarán polos usuarios que voluntariamente soliciten algunha das actividades culturais organizadas polo Concello de O Pino, tales como talleres, cursiños, seminarios, excursións e demais de natureza análoga sempre que as mesmas non sexan de solicitude ou recepción obrigatoria polos usuarios e non estean reservadas a entidade local.

### **ART. 3º - OBRIGADOS AO PAGO**

Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta ordenanza quen se beneficie das actividades prestadas por este Concello as que se refire o artigo anterior.

### **ART. 4º - ESTABLECEMENTO E CONTÍA**

1. O establecemento e contía do prezo público regulado nesta ordenanza será a que fixe en cada caso a Xunta de Goberno Local
2. A estos efectos con carácter previo ó inicio da actividades a Xunta de Goberno Local en base a informe previo da Intervención dos custos soportados polo Concello establecerá as tarifas concretas de cada actividade podendo fixar prezos públicos que non cubran o custo do servizo ou actividade prestado, dado que nestes casos concurren razóns sociais, culturais ou de interese público que así o aconsellen, ó perseguir con estas actividades a consecución do mandato establecido na Constitución Española de promoción e tutela de acceso a cultura.
3. Acordadas as tarifas de cada actividade o acordo será exposto no taboleiro de edictos do Concello a efectos da súa publicidade.

### **ART. 5º - NORMAS DE XESTIÓN**

A obriga de pago do prezo público regulado nesta ordenanza nace dende que se inicie a realización da actividade sen ben esíxese o seu depósito previo de acordo co previsto na lei de facendas locais.

A estos efectos deberase practicar polo obrigado ao pago a declaración-liquidación (autoliquidación) correspondente, ingresándose o importe do prezo público nas entidades bancarias colaboradoras deste Concello e sempre antes de iniciar a actividade.

No suposto de que por causas non imputables ó interesado deixara de realizar a actividade solicitada procederase a devolución do depósito constituido.

## **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

A presente ordenanza unha vez aprobada definitivamente será publicada íntegramente no BOP e manterá a súa vixencia mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa”